

# Plan de Convivencia do CIFP Porta da Auga

## Índice

---

1.Xustificación .....	3
2.Análise da situación .....	4
3.Concreción do plan .....	5
3.1. Obxecto, fins e principios do plan .....	5
3.2. Obxectivos específicos .....	7
3.3 Actuacións, medidas ou programas .....	7
3.3.1 Organización xeral da convivencia no centro .....	7
3.3.1.1 Medidas preventivas e de sensibilización .....	7
3.3.1.2 Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección .....	13
3.3.1.3 Protocolos e programas específicos. ....	14
3.3.2 Actuacións anuais do plan de convivencia .....	15
3.4. Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan .....	15
3.5. Seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan.....	16
3.6. Difusión do plan .....	17
4.ANEXOS .....	17

## 1. XUSTIFICACIÓN

O Artigo 121.2 da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece que os centros elaborarán un plan de convivencia que incorporarán á programación xeral anual e que recollerá todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, a concreción dos dereitos e deberes dos alumnos e alumnas e as medidas correctoras aplicables en caso do seu incumprimento de acordo á normativa vixente, tomando en consideración a situación e condicións persoais dos alumnos e alumnas, e a realización de actuacións para a resolución pacífica de conflitos con especial atención ás actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación.

O Artigo 10 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, dispón:

“O proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 desta lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. O plan de convivencia será elaborado por unha comisión de convivencia, ou, cando esta non estea constituída, polo equipo directivo, e aprobado polo consello escolar do centro”.

O Decreto 8/ 2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 regula no Capítulo II, Sección 1ª, os principios, obxectivos, estrutura, seguimento e avaliación do plan de convivencia.

Na disposición adicional segunda deste decreto faise alusión ós Centros Integrados de Formación Profesional e refire que a aplicación deste decreto axustarase ás peculiaridades da súa organización e o seu funcionamento, e baseándonos nesta disposición, aínda que no artigo 6 do Decreto regúlase

a composición da Comisión de convivencia, cómpre establecer para este tipo de centros unha composición diferente que respecte na medida do posible os principios básicos de igualdade entre homes e mulleres e que represente ós sectores máis representativos da comunidade educativa.

Así pois, a Comisión de convivencia do CIFP Porta da Auga estará composta por a dirección do centro, a xefatura de estudos, dous membros do claustro e dous representantes do alumnado.

Baseándonos nestes preceptos e nas orientacións que desde educonvives.gal se propoñen, desenvolveremos o Plan de Convivencia do CIFP Porta da Auga un grupo de profesores que a través dun grupo de traballo creado para tal fin, establecerán os obxectivos a desenvolver durante o período de vixencia deste plan.

## 2. ANÁLISE DA SITUACIÓN

O CIFP Porta da Auga é un dos 23 centros que conforman a Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia.

Debido as características da oferta neste tipo de centros, na que se compaxina a oferta regrada coa formación para o emprego, así como os procedementos de acreditación de competencias ou as probas libres, a idade do alumnado que cursa as súas ensinanzas aquí non é menor de 16 anos (excepcionalmente, podemos ter alumnado de 15 anos na FP Básica e nalgún ciclo de grao medio), e poderíamos dicir que a maior parte do alumnado son maiores de 18 anos o que reduce en gran medida a conflitividade, e no caso de existir, simplifica a súa resolución xa que na maior parte dos casos non require da intervención das familias.

No ano 2015 elaborábase, por primeira vez para o CIFP Porta da Auga, o plan de convivencia. A súa finalidade, como se recolle no apartado anterior, e atendendo as súas liñas xerais, é a de establecer un marco de referencia e actuación para crear un bo clima de convivencia e traballo entre os diferentes membros da comunidade educativa. Tralo vencemento do prazo de 4 anos para o que o plan de convivencia fora establecido inicialmente (dende o 2015 ao 2019), decidiuse facer unha revisión e reformulación dos obxectivos específicos e das futuras propostas de actuación que se deben establecer para a consecución dos mesmos.

Dito isto, e coa intención de facer unha proposta máis axustada á realidade na que se vai a levar a cabo a intervención educativa, realizouse unha análise dos aspectos que se consideran máis relevantes no relacionado cos incidentes que afectan á convivencia no centro. Desa análise, e sen ánimo de ser moi exhaustivos, poden extraerse as seguintes conclusións:

Nos derradeiros cursos, en relación á análise de condutas contrarias á convivencia, a maior parte dos conflitos que xurdiron no centro foron de carácter leve, dos que se deixou constancia a través das comunicacións pertinentes (partes de incidencia) e que foron solucionados na súa maior parte dende a propia aula.

Por outra banda, en relación ás condutas contrarias á convivencia de carácter grave, ou á reincidencia de varias condutas cabe mencionar que se dan de xeito moi esporádico e non adoitan ser numerosas ao longo do curso escolar, polo que se poden considerar como situacións de carácter illado e puntual. Cabe mencionar que a partir do curso 2020-21 tamén se implantou a Aula de Convivencia Inclusiva no centro, recurso que será empregado para intervir ante este tipo de condutas.

### 3. CONCRECIÓN DO PLAN

#### 3.1. Obxecto, fins e principios do plan

Segundo o artigo 11 do Decreto 8/2015, o plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

O proxecto funcional de cada centro integrado de formación profesional incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

O plan de convivencia será elaborado pola comisión de convivencia ou, cando esta non estivese constituída, polo equipo directivo, e será aprobado polo Consello Social do centro.

O artigo 12 do Decreto 8/2015 establece que o plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- 1) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- 2) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- 3) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- 4) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- 5) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- 6) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- 7) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- 8) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- 9) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

### 3.2. Obxectivos específicos

Atendendo ao diagnóstico elaborado sobre a situación actual do centro, e partindo tamén do traballo previo realizado nesta área, estes son os obxectivos que se propoñen acadar con este plan plurianual:

- a) Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia realizando unha acción formativa a desenvolver no centro relacionada co desenvolvemento das habilidades sociais para a mellora da práctica docente.

- b) Promover a realización de actividades específicas e a habilitación de novos espazos destinados a mellorar a convivencia no centro.
- c) Realizar un seguemento das modificacións incluídas nos documentos organizativos do centro (NOF, protocolos, etc).
- d) Adaptar, se fose necesario, os documentos organizativos do centro para que favorezan o establecemento dunhas boas relacións entre todos os membros da comunidade educativa.
- e) Promover unha cultura de respecto pola igualdade de oportunidades, a prevención da violencia e a resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo cunha acción formativa específica dirixida ao alumnado.
- f) Dar continuidade á formación dirixida ao alumnado e profesorado do centro para o mantemento do equipo de mediadores
- g) Crear, formar e manter un equipo plural de dinamizadores da convivencia no centro.
- h) Realizar colaboracións co Concello de Ribadeo e outras institucións e/ou asociacións da contorna para a posta en marcha de accións que fomenten a igualdade entre homes e mulleres.

### 3.3 Actuacións, medidas ou programas

#### 3.3.1 Organización xeral da convivencia no centro

##### 3.3.1.1 Medidas preventivas e de sensibilización

- a) Para facilitar a incorporación e integración no centro dos diferentes membros que conforman a comunidade educativa do CIFP Porta da Auga, e seguindo os procedementos que temos recollidos no Sistema de Xestión de Calidade, realizaremos o proceso de acollemento do alumnado, do profesorado e do persoal de administración e servizos. Actuarase segundo os procedementos correspondentes ( PR.62.ACP e PR.75.ACO ).
- b) Crearase a figura do responsable ou Dinamizador da convivencia. A dirección, en aplicación do establecido na Orde do 17 de xullo de 2007, pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes, nomeará por un período de dous cursos académicos un profesor ou profesora responsable da dinamización para a convivencia escolar.

As funcións do responsable da dinamización da convivencia escolar serán:

- Participar no desenvolvemento dos obxectivos recollidos no Plan de Convivencia.
- Promover accións ou actuacións encamiñadas á prevención ou corrección das condutas contrarias a convivencia.
- Coordinar e informar das actuacións que se van desenvolver no centro nesta materia cos demais membros da comunidade educativa ( titores, docentes,..).
- Colaborar na difusión do Plan de Convivencia.
- Formar parte da Comisión semanal de convivencia.
- Realizar a memoria final sobre as actuacións e obxectivos desenvolvidos durante o curso.
- E aquelas outras que desde a dirección se lle encomenden, dentro do seu ámbito de competencias.

c) Comisión de Convivencia.

No artigo 6.2 do Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro régúlase a composición das Comisión de convivencia. Así mesmo, no artigo 6.3 establécese que o réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia de cada centro docente concretarase no plan de convivencia, e en todo caso, manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Dito isto, e como xa se avanzou na xustificación deste Plan, debido ás peculiaridades dos Centros Integrados de Formación Profesional, a Comisión de convivencia terá unha composición diferente á establecida no Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro, quedando como sigue:

- A Comisión de convivencia do CIFP Porta da Auga estará composta pola dirección do centro, a xefatura de estudos, dous membros do claustro e dous representantes do alumnado. Na elección dos membros intentarase que exista a paridade.

No caso da representación do claustro, os membros poden coincidir cos do Consello Social, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente. No caso de non ser membros da Comisión de convivencia, si sería conveniente que o responsable do departamento de orientación e o responsable da dinamización da convivencia participasen activamente na elaboración do Plan de Convivencia.

A renovación dos representantes do profesorado e do alumnado da Comisión coincidirá coa renovación do Plan de Convivencia ( normalmente cada 4 anos) ou cando algún dos membros causen baixa e deixen de ser membros da comunidade educativa do CIFP Porta da Auga.



- As funcións da Comisión de Convivencia son:
  - 1) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa.
  - 2) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
  - 3) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
  - 4) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
  - 5) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas.
  - 6) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro, de ser o caso.
  - 7) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello social do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/das profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

d) Comisión semanal de convivencia.

Presidida polo director ou directora, formarán parte dela a xefatura de estudos, o orientador ou orientadora e o responsable da dinamización para a convivencia escolar. Un dos membros actuará como secretario levantando acta de cada reunión e arquivando as mesmas.

Reunirse unha vez á semana nunha hora que figurará no horario semanal dos seus compoñentes.

Ocasionalmente, e segundo a natureza dos temas que se traten, poderase incorporar calquera profesor ou profesora, así como profesionais dos servizos sanitarios e sociais do Concello.

Serán funcións desta Comisión:

- 1.- Propor o tratamento máis adecuado para os conflitos que se detecten durante a semana.
- 2.- Valorar a gravidade das condutas prexudiciais para a convivencia que se produzan.
- 3.- Poñer en marcha e coordinar os instrumentos resolutivos de conflitos do instituto
- 4.- Deseñar, coordinar, desenvolver e avaliar o plan de convivencia, así como as actuacións concretas das medidas establecidas .
- 5.- Participar na selección do alumnado mediador
- 6.- Impulsar a formación do profesorado na resolución pacífica de conflitos.
- 7.- Organizar actividades preventivas dos conflitos.
- 8.- Medir a conflitividade do centro e trasladar os resultados á comisión de convivencia.
- 9.- Asesoramento ó profesorado.

#### e) Equipo de mediación

A mediación escolar é , segundo o artigo 28 do decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

Os centros poderán utilizar esta estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa, sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia establecidos ao efectos no propio decreto.

As características propias da mediación son:

- A voluntariedade: Só se pode levar a cabo se é solicitada polas partes en conflito. Este carácter voluntario tamén se estende ós mediadores, que poderán rexeitar unha mediación se as

condicións da mesma non lles parecen axeitadas ou se puideran ver implicados dalgún modo nun certo favoritismo cara a algunha das partes en conflito.

- Confidencialidade: todo o que se diga nunha mediación será secreto. Este aspecto deberá estar moi presente para os mediadores e debe quedar claro para aqueles que reciben unha mediación escolar. Atendendo a este principio, os acordos que se cumprimenten en cada mediación serán arquivados e mantidos en secreto e o resto de anotacións que realizen os mediadores durante o proceso serán destruídas inmediatamente.

Casos indicados para mediación/conflictos que poden mediarse:

- Aqueles nas que as dúas partes a piden ou a aceptan unha vez proposta.
- Problemas de relación non resoltos entre as partes polos seus propios medios: rumores, insultos, queixas, disputas e pelexas, amizades deterioradas, ameazas, situación que desagradan ou parecen inxustas.
- Non se empregará a mediación en casos de acoso nin en agresións con dano físico. Segundo o establecido no artigo 26.4 do decreto 8/2015, nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecerase a mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións

As partes en conflito deben: aceptar solucionar o conflito de forma cooperativa, utilizar mensaxes en primeira persoa, poñerse no lugar do outro, manifestar a súa responsabilidade no conflito, colaborar para buscar unha solución e aceptar un acordo satisfactorio para ambos.

As solicitudes de mediación realizarase polas partes afectadas ante a dirección, a xefatura de estudos ou ante a orientadora do centro que darán traslado á Comisión.

A Comisión semanal de convivencia determinará, unha vez analizada a solicitude e a gravidade do caso, a súa conveniencia ou non para ser tratado en mediación.

Debido as características propias dos centros integrados de formacións profesional, nos que o alumnado por norma xeral permanece só un ano e medio no centro, é difícil poder seleccionar e formar a un equipo de mediación de alumnos estable polo que sería aconsellable que tamén seleccionásemos e formásemos profesorado mediador.

Dentro dos obxectivos para o presente curso 2021/22 estableceuse o do mantemento e formación do equipo de mediadores/as e de dinamizadores da convivencia, polo que ao inicio dese curso estableceranse os pasos a seguir cara a selección de novos mediadores/as que complementen as funcións dos xa existentes, determinar o perfil idóneo dun mediador/a, deseño da formación que deben recibir, realización desa formación e continuar co funcionamento do equipo mediador e dinamizador da convivencia de cara aos vindeiros cursos.

*f) Aula de Convivencia Inclusiva.*

No centro educativo cóntase con una Aula de Convivencia Inclusiva (ACI en diante) cuxa principal finalidade é a de atender a aquel alumnado que por diversos motivos foi privado da súa asistencia á aula ou ao centro de xeito temporal. Neste senso cómpre destacar que a finalidade da ACI non é unicamente punitiva, senon que vai encamiñada á mellora da conduta e a favorecer a reflexión por parte do alumnado no referente aos motivos que orixinaron a sanción imposta, así como á posible reparación dos danos ocasionados de ser o caso.

Adxunto a este Plan de Convivencia preséntase como anexo un documento no que se recolle o horario de funcionamento e a localización da ACI, os criterios e condicións establecidas para a derivación e a atención do alumando na mesma, as actuacións que se van a desenvolver nela e o profesorado con funcións asignadas respecto ao seu funcionamento (pódese descargar o documento na páxina web do centro accedendo á zona de profesorado, no apartado de “outros documentos”: <https://portadaauga.es/zona-profesorado/>).

### *3.3.1.2 Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección*

Para avaliar cales son as condutas contrarias á convivencia e a súa corrección atenderase ao disposto no Capítulo II, Sección 1ª da Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa e aos Capítulos II e III do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. Ademais, se terán en conta o establecido no Capítulo 4º e 5º das Normas de Organización e Funcionamento (NOF) no que se refire á organización e ó funcionamento nas distintas estancias do centro.

### *3.3.1.3 Protocolos e programas específicos.*

Na páxina web de educonvives.gal aparecen recollidos todos os protocolos de actuación a desenvolver nos centros educativos ante determinadas situacións:

- *Procedemento corrector de sancións*
- *Protocolo de identidade de xénero*
- *Protocolo de protección de datos*
- *Protocolo de urxencias sanitarias*
- *Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso e do ciberacoso escolar.*
- *Plan de actuación para a igualdade nos centros educativos*

Por outra banda e con respecto aos programas específicos, o Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro no artigo 24 dispón que o departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. En relación a este aspecto, no curso 2020-21 elaborouse un documento no que se recollen diferentes actuacións e actividades a realizar dende a ACI do centro, encamiñadas a contribuir á adquisición de habilidades e competencias sociais, de xeito específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia á clase e/ou ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o departamento de orientación, a coordinación de convivencia e o profesorado titor, que procurarán implicar ó resto do profesorado e ás familias e, de ser o caso, ós servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

Poderán desenvolverse, ademais, programas que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconceito e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres.

Para a elaboración e desenvolvemento destes programas poderá contar coa colaboración da Comisión de convivencia.

### 3.3.2 Actuacións anuais do plan de convivencia

Todas as actuacións previstas a realizar no presente curso 2021-22 entran dentro da planificación que se realizou dentro do presente plan plurianual para fomentar as condutas favorecedoras da convivencia e prever situacións de acoso ou violencia no centro educativo, polo que moitas delas terán unha continuidade no tempo ata que se den por acadadas ou se perciba a necesidade de actualizar e/ou modificar o seu contido.

*(Ver táboas anexas ó final deste documento)*

### 3.4. Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan

- Constitúese a Comisión semanal de convivencia. Se crea coa finalidade de que haxa unha maior coordinación entre xefatura de estudos, orientación e o responsable de dinamización co fin de desenvolver os obxectivos anuais do Plan de convivencia.
- A coordinación entre a Comisión semanal e a Comisión de convivencia de xeito trimestral, permitirá que a Comisión de convivencia semanal dea conta das actuacións desenvolvidas e da situación actual do centro en materia de convivencia á Comisión de Convivencia.
- A coordinación entre a xefatura de estudos e orientación con titores e delegados de curso para a difusión do Plan realizarase nunha reunión ó principio de curso.
- A figura do Dinamizador de Convivencia facilitará a coordinación co profesorado e co alumnado para o desenvolvemento das actividades previstas.

### 3.5. Seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan

A Comisión de Convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Ademais das reunións da comisión semanal de convivencia, de xeito mensual esta mesma Comisión realizará un **seguimento** do desenvolvemento dos obxectivos que, para cada curso escolar, se establezan.

Os **criterios para a avaliación** anual da convivencia no centro serán:

- Cumprimento dos obxectivos propostos no plan:  
 $N^{\circ}$  obxectivos realizados/  $N^{\circ}$  obxectivos propostos x 100. Esta porcentaxe ten que ser igual ou superior ao 80%.
- Desenvolvemento das actividades incluídas no Plan:  
 Realízase o seguimento mensual do plan. Si / Non ( neste caso, explica a causa).  
 Realizáronse as actividades deseñadas coa temporalización prevista. Si/Non (neste caso, explica a causa)
- Funcionamento da Comisión de Convivencia:  
 Realizouse a Memoria final ( Contido mínimo:  $N^{\circ}$  de reunións ó longo do curso, Obxectivos planificados e grao de consecución. Resumo dos principais temas tratados na Comisión e **Propostas de mellora**).

### 3.6. Difusión do plan

O Plan de Convivencia, unha vez aprobado polo Consello Social, debe ser coñecido e asumido por todos os membros da comunidade educativa e polos sectores do contorno que poidan ser interesados.

O equipo directivo dos centros docentes levarán a cabo as actuacións necesarias para que o plan sexa coñecido, aplicado e valorado por todos. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as NOF do centro e as normas de convivencia na comunidade educativa.

Responsable	Medio	Motivo	Temporalización
Director	Claustro	Informar sobre os obxectivos do plan de convivencia para ese curso ao profesorado	1º Trimestre

Xefa de estudos e Orientadora	Reunión cos titores	Reunión cos titores para entregarlles a carpeta de tutoría e informarlles sobre a súa labor tutorial; ademais de incidir nas NOF e no Plan de convivencia	Antes de iniciar o curso
Dinamizador da Convivencia	Reunións , comunicacións escritas, carteis, páxina web...	Información e difusión das actividades deseñadas no Plan e que se van a desenvolver no centro.	Durante todo o curso
Director	Consello Social	Presentar a Memoria de actividades	Primeira semana de xullo

## 1. ANEXOS

Obxectivos Plan Convivencia	Responsables	Accións, medidas ou programas	Recursos	Indicador
<b>1. Realizar formacións dirixidas aos/as docentes sobre a importancia das habilidades sociais e a intelixencia emocional como ferramenta pedagóxica. (Profesorado).</b>	Coordinador da convivencia. Equipo de dinamización	Deseño da acción formativa	Os espazos necesarios	Concreción por escrito da formación a impartir, duración e temporalización
		Realización da acción formativa	Relator/a	Acción formativa realizada
<b>2. Renovar a composición do equipo de mediación e dar continuidade á formación dos seus membros.</b>	Coordinador da convivencia. Equipo de dinamización	Selección de novos/as integrantes do equipo de mediación	Profesorado e alumnado	5 novos/as integrantes
		Realización dunha formación básica para os membros que conforman o equipo	Relator/a	Acción formativa realizada
		Avaliación das actuacións do equipo de mediación en canto a número de actuacións	Documentación escrita	Nº de actuacións realizadas e seguimento do conflito
		Participación na comisión semanal de convivencia e nas diferentes canles de comunicación e promoción das diferentes actividades a realizar.		



3. Revisar e adaptar, se fose necesario, os documentos de organización e de xestión (NOF, protocolos de actuación...) de xeito que favorezan o bo ambiente educativo.	Coordinador da convivencia. Equipo de dinamización	Revisión dos documentos de organización e de xestión	Profesorado do centro  Material impreso	Actas de reunións nas que se reflectan as revisións
		Aprobación das modificacións realizadas (de ser o caso)	Consello Social	Acta do Consello Social
<b>Obxectivos Plan Convivencia</b>	<b>Responsables</b>	<b>Accións, medidas ou programas</b>	<b>Recursos</b>	<b>Indicador</b>
4. Realizar un seguemento da actividade desenvolvida dende a ACI	Comisión de convivencia e equipo directivo.	Análise das actuacións levadas a cabo dende a ACI	Comisión semanal de convivencia	Seguemento realizado e implementación de cambios no caso de ser necesarios.
5. Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo cunha acción formativa dirixida ao alumnado.	Coordinador da convivencia. Equipo de dinamización	Deseño da acción formativa	Comisión semanal de convivencia  Materiais escritos	Concreción por escrito da formación a impartir, duración e temporalización
		Realización da acción formativa	Relator/a	Acción formativa realizada.
6. Identificar e/ou crear espazos no centro que faciliten o desenvolvemento de actividades e/ou condutas favorecedoras da convivencia.	Comisión de convivencia e equipo directivo.	Detección de espazos que poidan ser destinados para a realización de actividades encamiñadas a favorecer a convivencia.	Os espaciais e económicos dispoñibles para a realización das actividades propostas	Documento que recolla proposta de espazos e posibilidades de uso.
		Creación de novos espazos destinados a favorecer as relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa.	Profesorado  Alumnado	Acondicionamento de novos espazos